

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O DÍA 22 DE ABRIL DE 2010,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupacion dos bens e dereitos afectados polo "Proxecto de construcion de senda peonil na AC-123, para mellora da seguridade vial. Treito: Franza – Ares", nos municipios de Mugardos e Ares. (Clave: AC/08/068.06)

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a coordinación de actuacións relativas ao despregamento de infraestruturas de banda larga no territorio rural galego, polo importe de cinco millóns setecentos vinte e cinco mil seis euros (5.725.006 €), que se financiarán con cargo aos orzamentos de AGADER para o ano 2010
- Acordo en relación co Plan de avaliación de organismos dependentes das consellerías da Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o concello de Cerdido para a execución das obras de saneamento do núcleo de Vila da Igrexa (Cerdido), polo importe de setenta e seis mil setenta e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (76.075,55 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, para o desenvolvemento de estratexias conxuntas no ámbito do desenvolvemento sustentable e o territorio polo importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00 €)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Láncara, para a execución da obra de saneamento do Barrio do Campo da Feira (Láncara), polo importe de noventa mil novecentos noventa e dous euros con trece céntimos (90.992,13 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Melón, para realización das obras de pavimentación e instalacións na rúa Calvo Sotelo en Melón, polo importe de douscentos dezaseis mil cincocentos once euros con oitenta e un céntimos (216.511,81 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de San Amaro, para a realización das obras de acondicionamento de espazos públicos nos núcleos de Andrade e Alemparte, polo importe de cento cincuenta e un mil douscentos cincuenta e catro euros con oitenta e oito céntimos (151.254,88 €)
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello da Gudina (Ourense), para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, polo importe de setecentos cincuenta e cinco mil setecentos cincuenta e cinco euros con seis céntimos (755.755,06 €)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer un único anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, regulada no convenio de colaboración entre esta consellería e a *Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV*, coa finalidade de que esta última acometa o desenvolvemento do proxecto expositivo denominado “Un Milagro en la R a”
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio, para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do Centro Rafael Puga Ramón, durante o período xaneiro-agosto de 2010, por un importe total de trescentos vinte e seis mil setecentos trinta e un euros (326.731,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do *Centro de Formación Profesional Calvo Sotelo*, durante o curso escolar 2010-2011, por un importe total de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €)

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en cont'a superior ao 10% no momento da concesión da subvención de conformidade co disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e a modificación da porcentaxe sinalada no artigo 62.2 do citado decreto, de forma que o importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados poida acadar a porcentaxe do 90% da subvención concedida na orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego e se procede a súa convocatoria para o ano 2010 e se autoriza a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Outes, para a construción do "Centro náutico deportivo e escola de vela no porto do Freixo e da base técnico-operativa de Portos de Galicia"
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e o Concello de Pontedeume, para a ordenación da fachada marítima do porto de Pontedeume (A Coruña)

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe dos resultados de xestión do Servizo Galego de Saúde a 31 de marzo de 2010: actividade e demora

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e do programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

MEDIO AMBIENTE INICIA O PROCESO DE OCUPACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLO PROXECTO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA ESTRADA FRANZA-ARES (AC-123)

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá 1,8 millóns de euros nesta actuación*
- *Esta actuación implicará a construción dunha senda peonil ao longo da estrada*
- *O proxecto ten por obxectivo mellorar a seguridade tanto dos peóns coma dos vehículos, xa que o largo actual da estrada é insuficiente para garantila*
- *A previsión da Xunta é rematar as obras no primeiro trimestre do 2012*
- *Os beneficiarios desta mellora serán os máis de 11.000 habitantes dos concellos de Mugardos e Ares*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de 1,8 millóns de euros da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a execución das obras de mellora de seguridade viaria na estrada Franza- Ares (AC-123), que pasa polos concellos de Mugardos e Ares. A previsión que manexa a Xunta é licitar as obras antes do verán, iniciar as obras no cuarto trimestre de 2010 e finalizar no primeiro trimestre de próximo 2012.

O proxecto ten por obxectivo mellorar a seguridade tanto dos peóns coma dos vehículos, xa que o largo da actual estrada é insuficiente para unha circulación peonil segura ou para a parada eventual de vehículos por mor dunha emerxencia ou avaría.

A Consellería de Medio Ambiente leva a cabo esta actuación a través dunha análise efectuada na vía que constatou o potencial de sinistralidade desta estrada e a necesidade de facer melloras. Ademais do problema dun largo insuficiente da plataforma e a ausencia de sendas peonís; o estudo resalta outras causas de perigosidade, como as velocidades inadecuadas dos condutores e a falta de visibilidade nos cruzamentos e paradas en interseccións.

Para resolver este problema de seguridade viaria no treito que discorre entre Franza e Ares, procederáse a alargar a plataforma, mellorar as interseccións con outras vías, construír sendas peonís ao longo de todo o trazado, á instalación dunha óptima iluminación e, finalmente, ao balizamento e a sinalización da vía.

Os beneficiarios da mellora serán máis de 11.000 habitantes dos concellos de Mugardos e Ares. Para acometer estas medidas na AC- 123 será necesario proceder á ocupación de 64 leiras nos anteditos concellos.


Para a execución das obras e a adecuación da plataforma será necesario demoler de 1.128 metros cúbicos de material e pavimentar, ademais, 3.528 metros cadrados de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

superficie. No caso das sendas peonís, colocárase un lastro ao longo de 280 metros cadrados. Nun último momento, acometerase o balizamento e a sinalización da v'a.

A lonxitude total do tramo en que se actuará é de 1.642 metros. A plataforma terá 10,8 metros de largo, composta de dous carrís de 3 metros de largo cada un con senllas beiravías de 50 centímetros. A principal novidade será que as beirarrúas terán unha largura de máis de 2 metros e incluirán unha pequena zona verde unida.



A SECRETARÍA XERAL DE MODERNIZACIÓN E A AGADER COLABORAN NO DESPREGAMENTO DA BANDA LARGA NO RURAL GALEGO

- *Estas actuacións encádranse no Plan Director de Banda Larga 2010-2013 que posibilitará o acceso á Internet de toda a sociedade galega*
- *A Xunta investirá 5,7 millóns de euros no desenvolvemento de redes fixas e sen fíos nas zonas con maior demanda non satisfeita e no sur de Lugo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a extensión de redes de transporte de alta capacidade no rural galego e de redes sen fíos de banda larga no sur de Lugo por un importe de 5,7 millóns de euros con cargo aos orzamentos de Agader para o 2010.

A extensión de redes de transporte de alta capacidade ten como obxectivo o despregamento de fibra óptica e de redes de acceso de banda larga de calidade a aqueles núcleos de poboación con alta demanda non satisfeita, especialmente no rural galego. Esta medida, á cal se destinarán 4,1 millóns de euros enmárcase na liña estratéxica 1 do Plan Director de Banda Larga que establece o desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicacións modernas e sustentable a partir dun conxunto de actuacións que garantirán o acceso de cidadáns e empresas de todo o territorio aos servizos avanzados da sociedade da información.

Sur de Lugo

O despregamento de redes sen fíos de banda larga no sur de Lugo encádrase nas áreas de actuación 2 e 3 da primeira liña estratéxica do PDBL. Así formalizarase unha encomenda de xestión co operador público Retegal para, segundo se recolle na área de actuación 2 do Plan, dotalo de máis medios, capacidades e converténdoo nunha ferramenta que permita optimizar e acelerar a extensión da banda larga. Esta medida, que no sur de Lugo se financiará cun importe máximo de 950.000 €, permite o aproveitamento de toda a infraestrutura pública actual e a redución dos custos do despregamento. Ademais, búscase favorecer a presenza dos operadores privados para a prestación de servizos en igualdade de condicións, o que facilitará unha competencia e pluralidade efectiva que redunde en progreso para Galicia.

A acción 3 consiste na extensión de redes de banda larga mediante redes sen fíos a todos os núcleos de máis de 100 habitantes e a aqueles con alta demanda de servizo que non se cubran coas actuacións anteriores. O orzamento para este despregamento no sur da provincia luguesa é de 644.740 €. Para tal fin se tramitarase unha convocatoria pública de subvencións para seleccionar un ou varios operadores privados de telecomunicacións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Plan de Banda Larga 2010-2013**

O Plan Director de Banda Larga 2010-2013 constitúe o marco estratéxico de actuación destinado a que a práctica totalidade dos cidadáns e empresas galegas tenan acceso de calidade á banda larga dentro de catro anos. Este proxecto forma parte dunha estratexia global do Goberno galego destinada a situar Galicia no núcleo avanzado da Sociedade da Información.

O PDBL conta cun orzamento de 102 millóns de euros e prevé superar os 232 millóns de euros mobilizando capital privado e doutras administracións co obxectivo de estender as novas tecnoloxías e infraestruturas de telecomunicacións de banda larga en tres áreas fundamentais: a social, a empresarial e a das administracións públicas impulsando a cooperación de todos os axentes implicados.

A XUNTA LEVARÁ A CABO UNHA AMBICIOSA REFORMA DA SÚA ADMINISTRACIÓN PARALELA COA SUPRESIÓN OU REFUNDICIÓN DE 46 ORGANISMOS

- *O plan de racionalización de organismos dependentes busca evitar duplicidades, ganar en eficiencia e adecuar a Administración ás necesidades actuais*
- *Algúns entes extinguíranse definitivamente e outros integranse na Administración ou noutros organismos*
- *Dos 64 entes analizados, tamén se aposta pola refundición de dous e polo mantemento dos outros 16, nos cales se introducirán melloras*

O Consello da Xunta vén de aprobar o acordo con que se inician os trámites para a extinción de 46 entes da Administración autonómica ou a súa refundición, dentro do establecido no plan de racionalización de organismos dependentes do Goberno galego, plan que busca adecuar a dimensión e contidos da Administración institucional ás necesidades actuais, procurando a racionalización e eficiencia na estrutura organizativa, na xestión do gasto e na prestación de servizos públicos.

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, levou a cabo nos últimos meses unha avaliación dun total de 64 organismos, máis do 40 por cento dos que ten a Administración autonómica, en colaboración coas distintas consellerías das cales dependen estes entes. Tras o estudo, decidiuse proponer o mantemento de 16 deles – introducindo melloras- e proceder á supresión ou integración na Administración dun total de 46, mentres que se propón unha refundición dos outros dous restantes.

Coa aprobación do acordo no Consello da Xunta, iniciase un proceso cuxo desenvolvemento será distinto segundo os casos, de tal xeito que algúns entes se integrarán no seo da propia Administración ou noutros organismos, mentres que outros desaparecerán completamente porque non estaban a levar a cabo ningunha función.

Plan de lexislatura

A Xunta iniciará de xeito inmediato os procesos de extinción e a previsión que manexa e que todos estean finalizados antes de que remate a lexislatura. Os obxectivos son evitar as duplicidades que se tían detectado, ganar en eficacia e en transparencia, adelgazar a Administración paralela e que non sexan organismos autónomos os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías de que dependen, e a un menor custe.

Con este plan, o Goberno galego racha coa tendencia a engordar as administracións e por vez primeira se inicia de xeito coordinado e programado un procedemento de adelgazamento administrativo, que os responsables autonómicos están convencidos que seguirán outras administracións en vindeiras datas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Nestes momentos de crise económica, a Xunta segue a dar exemplo de austeridade e busca a eficiencia na súa estrutura organizativa, xa que o plan de racionalización de organismos completa as medidas postas en marcha polo Goberno no arranque da lexislatura, no que se reduciu o número de consellerías e de altos cargos, ademais de cambiar completamente a estrutura periférica, pasando de 52 delegados provinciais a tan só cinco delegados territoriais.

Organismos analizados

O acordo ratificado hoxe polo Consello prevé o mantemento de 16 organismos da chamada Administración paralela, para os cales se tenen feito propostas de mellora. Trátase do Consorcio Audiovisual de Galicia; Fundación Deporte Galego; Retegal; Instituto de Medicina Legal (Imelga); Axencia Galega de Emerxencias (Axega); Fundación Semana Verde; Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia; Bibliotecas Universitarias de Galicia; Consello Escolar de Galicia; Axencia Pública das Industrias Culturais (Agadic); Turgalicia; Fundación Illa de San Simón; Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas Dependentes (Funga); Fundación Rof Codina; Instituto galego de Calidade Alimentaria (Ingacal); e Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga).

En canto aos organismos que se integrarán noutros entes, trátase do Instituto de Estudos Turísticos, que pasará a Turgalicia; e de Bantegal, que se integrará na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader). Tamén no ámbito da Consellería de Medio Rural, a proposta da Xunta é que o Centro Tecnolóxico das Industrias Lácteas (Cetil) se fusione co Centro Tecnolóxico das Industrias Lácteas (Cetal), para o cal xa existen conversas co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino.

Por outra banda, tamén se aposta pola refundición e reformulación da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. Ademais, a Xunta desprenderase da súa participación na Sociedade Galega de Servizos Sociais (Sogaserso).

Finalmente, desaparecerán e integraranse nos distintos departamentos de que dependen a Fundación Galicia Emigración; o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller; a Axencia Humanitaria de Galicia; e as 34 fundacións para o desenvolvemento comarcal. Tamén se extinguirán a Fundación Galega para a Sociedade do Conecemento; a Fundación Milenio; a Fundación Galega para a Prevención de Riscos Laborais; Autoestrada Alto de Santo Domingo Ourense S.A (Aceousa); e a Fundación Centro Superior Cinexético e Piscícola, na cal participa a Deputación de Lugo, coa que a Xunta tamén está en contacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 76.000 EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO NO NÚCLEO DE VILA DA IGREXA, NO CONCELLO DE CERDIDO**

- *O obxectivo das obras é o de mellorar a infraestrutura de saneamento deste municipio corunés e dotar os seus cidadáns dun servizo público básico e necesario*
- *As actuacións a levar a cabo consisten en acometer as obras de saneamento en Vila da Igrexa, coa substitución de dúas fosas sépticas existentes por unha Edar compacta*
- *Os beneficiarios serán os habitantes do núcleo de Vila da Igrexa, pero coa mellora tamén se verán favorecidos os máis de 2.000 cidadáns do municipio corunés de Cerdido*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do organismo Augas de Galicia, e o Concello de Cerdido para a execución das obras necesarias, que permitan dotar o núcleo de Vila da Igrexa dos servizos mínimos de saneamento.

O obxectivo desta actuación hidráulica é o de mellorar a infraestrutura de saneamento deste municipio corunés e dotar os seus cidadáns dun servizo público básico e necesario.

Para levar a cabo esta actuación, o departamento que dirixe Agustín Hernández fará un investimento de máis de 76.000 euros. Os beneficiarios da obra de saneamento serán os habitantes do núcleo de Vila da Igrexa, pero coa mellora tamén se verán favorecidos os máis de 2.000 cidadáns do municipio corunés de Cerdido.

Características técnicas

As actuacións a levar a cabo consisten en acometer as obras de saneamento en Vila da Igrexa, coa substitución de dúas fosas sépticas existentes por unha estación depuradora de augas residuais compacta con capacidade para dar servizo a 350 habitantes.

Ademais da EDAR biolóxica compactada, coa súa correspondente conexión ao servizo eléctrico, realizarase o baleiramento e anulación da fosa séptica existente e a instalación de 46 metros de colector de gravidade.

En canto as obras de anulación dunha segunda fosa séptica e do entrocamento ao colector xeral, necesitaranse 450 metros de colector de gravidade de 315 milímetros para a conexión co dito colector e tamén para proceder ao baleiramento e anulación da fosa.

Obrigas Xunta-Concello

Augas de Galicia financiará a actuación xa que se trata dunha obra de marcado carácter público e da prestación dun servizo municipal. Ademais, a administración autonómica

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

reserva para si o dereito de inspeccionar as obras tanto na súa execución coma no seu remate.

O Concello de Cerdido ten a obriga de redactar o proxecto técnico das obras, realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos e licenzas para, finalmente, contratar e executar as obras. Ademais, deberá presentar antes do 30 de novembro deste ano e do vindeiro 2011 os xustificantes do gasto ao cal foi destinada a subvención.

Establecerase unha Comisión de Seguimento, formada por un representante de cada unha das partes, a cal velará polo seu cumprimento e interpretará as dúbidas que poidan xurdir ao longo da duración do Convenio.

A XUNTA DE GALICIA E O EIXO ATLÁNTICO COLABORAN NA CREACIÓN DA PRIMEIRA AXENCIA DE ECOLOXÍA DE CARÁCTER TRANSFRONTEIRIZO DE EUROPA

- *Medio Ambiente e o Eixo Atlántico traballarán conxuntamente na realización de estratexias para o desenvolvemento sustentable cunha achega de 350.000 euros*
- *O proxecto contempla a creación dunha Axencia de Ecoloxía cuxa función básica será asesorar procesos de diagnose e planificación sustentables*
- *O convenio establece un foro conxunto para o intercambio de información, documentación, estudos e posicións sobre os ámbitos de sustentabilidade e ordenación de territorio*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para o desenvolvemento de estratexias conxuntas no ámbito do desenvolvemento sustentable e o territorio. Con este traballo conxunto, crease a primeira Axencia de Ecoloxía de carácter transfronteirizo de Europa. Ademais, as liñas de traballos que se proponen son pioneiras e están enmarcadas na I+D+i no campo das sustentabilidade. O obxectivo é acadar unha xestión dinámica e analizar unha posible evolución das accións que se desenvolven sobre o territorio, para a acadar unha planificación sostible.

O departamento que dirixe Agustín Hernández realiza unha achega económica de 350.000 euros distribuídos en dúas anualidades: 275.000 euros no presente ano e 75.000 euros no vindeiro 2011.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases para artellar a colaboración co fin de desenar e executar accións en materia de desenvolvemento sustentable e ordenación do territorio.

Por unha parte, destaca a xestión conxunta da Axencia do Eixo Atlántico como apoio tecnolóxico e científico ás políticas de sustentabilidade tanto en Galicia como no norte de Portugal. Neste senso, ambas institucións son conscientes de que a aproximación a un modelo de desenvolvemento máis sustentable é un reto principal a que se enfrontan os sistemas urbanos na actualidade.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Eixo Atlántico acordan impulsar conxuntamente unha Axencia de Ecoloxía cuxo ámbito xeográfico de actividade sexa a Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal. A axencia de ecoloxía ten como misión proporcionar soporte en procesos de planificación estratéxica ás administracións, achegando conceptual e instrumentalmente un marco para a definición dun modelo que conduza a un desenvolvemento máis sustentable.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**Funcións da Axencia**

A Axencia de Ecoloxía contempla como funcións primordiais asesorar en procesos de diagnose e planificación sustentable e investigar e desenvolver novos instrumentos para a análise dos sistemas urbanos e territoriais. Tamén deberá colaborar con universidades, centros de investigacións, empresas e administracións vencelladas á sustentabilidade e mellora de calidade de vida. Ademais, a citada axencia contribuirá á formación do persoal técnico das administracións en materias de sustentabilidade e planificación estratéxica.

Por outra parte, o convenio establece un foro conxunto para o intercambio de información, documentación, estudos e posicións sobre os ámbitos de sustentabilidade e ordenación de territorio. Ambas as partes aceptan traballar de xeito conxunto no desenvolvemento da planificación estratéxica e a ordenación, co fin de unir esforzos e garantir maior coordinación.

O acordo tamén se centra no fomento da redacción conxunta de estudos, traballos de investigación, plans ou documentos de ordenación do territorio e planificación estratéxica, a presentación conxunta de candidaturas a fondos europeos ou calquera outros que axuden ao cumprimento dos fins do convenio.

Actividades do Eixo Atlántico

O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular é unha asociación transfronteiriza constituída de conformidade co convenio sobre Cooperación Transfronteiriza entre comunidades ou autoridades territoriais. Este organismo agrupa as sete principais cidades galegas e as dezasete do norte portugués. A finalidade deste ente é o desenvolvemento económico, social, cultural, tecnolóxico e científico dos espazos que o constitúen.

O Eixo Atlántico presentará no transcurso do primeiro mes seguinte á sinatura deste acordo dunha planificación dos traballos a desenvolver para a consecución dos obxectivos e estratexias obxecto del. Os recursos materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento das actividades encargadas serán asignados polo presente ente. Os traballos serán entregados en formato dixital e electrónico. Ademais, o Eixo debe redactar unha guía para a elaboración de Axendas 21.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE FAI UNHA ACHEGA DE CASE 91.000 EUROS PARA AS OBRAS DE SANEAMENTO DO BARRIO DO CAMPO DA FEIRA NO CONCELLO LUCENSE DE LÁNCARA**

- *Levarase a cabo a construción da rede de colectores necesarios para a recollida de augas residuais e pluviais*
- *A mellora tamén favorecerá os case 4.000 cidadáns do municipio de Láncara*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio entre Augas de Galicia, organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o Concello de Láncara, en Lugo, para levar a cabo as obras necesarias que permitan dotar o barrio do Campo da Feira dos servizos mínimos de saneamento.

O departamento que dirixe Agustín Hernández reserva unha achega dentro dos seus orzamentos para as actuacións hidráulicas de case 91.000 euros, divididos en dúas anualidades, polo que neste mesmo ano investirá 50.000 euros; e a segunda, que se fará efectiva no exercicio do 2011, ascende a case 41.000 euros.

A decisión de levar a cabo esta actuación está xustificada polas constatadas carencias en materia de saneamento na zona do Campo da Feira do Concello de Láncara e tendo en conta os beneficios que se derivan para os seus habitantes. A principal finalidade ao remate destas obras de Augas de Galicia é que a infraestrutura de saneamento desta área do municipio lucense acade a normalidade e, consecuentemente, que os cidadáns deste concello dispoñan dun servizo público básico e necesario.

Con base neste convenio, levarase a cabo a construción da rede de colectores necesarios para a recollida de augas residuais e pluviais na zona do Barrio do Campo da Feira.

Os beneficiarios da obra de saneamento serán os habitantes do Barrio do Campo da Feira, pero coa mellora tamén se verán favorecidos os case 4.000 cidadáns do municipio lucense de Láncara.

A axilidade que prima neste proxecto hidráulico débese a que esta actuación afecta un dos servizos mínimos municipais, polo que deben ser resoltas estas carencias coa premura que a necesidade destes vecinos require, na procura do interese público e na mellora da calidade dos servizos do concello de Láncara.

Obrigas das administracións

Augas de Galicia financiará a actuación xa que se trata dunha obra de marcado carácter público e da prestación dun servizo municipal. Ademais, a administración autonómica reserva para si o dereito de inspeccionar as obras tanto na súa execución coma no seu remate.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O Concello de Láncara ten a obriga de redactar o proxecto técnico das obras, realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos e licenzas para, finalmente, contratar e executar as obras. Ademais, deberá presentar antes do 30 de novembro deste ano e do vindeiro 2011 os xustificantes do gasto ao cal foi destinada a subvención.

Establecerase unha Comisión de Seguimento, formada por un representante de cada unha das partes, a cal velará polo seu cumprimento e interpretará as dúbidas que poidan xurdir ao longo da duración do Convenio.

MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 200.000 EUROS NA ADECUACIÓN DO CONTORNO URBANO DO CONCELLO DE MELÓN

- *As obras de mellora levaranse a cabo na rúa Calvo Sotelo, e consistirán en pavimentar, sanear e canalizar a rúa para posteriormente instalar unha serie de equipamentos básicos*
- *A actuación enmárcase dentro do Plan HURBE, aprobado a semana pasada no Consello da Xunta*
- *Os máis de 1.400 habitantes do Concello de Melón serán os beneficiarios da mellora*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Melón, en Ourense, para a adecuación do seu contorno urbano. O departamento que dirixe Agustín Hernández levará a cabo un investimento de máis de 200.000 euros na rúa Calvo Sotelo, distribuídos en dúas anualidades: no 2010 destinará 100.000 euros e no vindeiro ano serán 116.511 euros.

O obxectivo prioritario será a revitalización do espazo público urbano e a mellora da seguridade viaria (xa que o tramo obxecto da actuación une a rúa coa N-120). Ademais disto, lograrase acadar a conservación do noso patrimonio mediante a posta en valor de espazos comúns como lugares de encontro e ocio que incrementarán a calidade de vida dos habitantes do concello.

Obras a realizar

As obras de adecuación do contorno urbano do Concello de Melón levaranse a cabo na rúa Calvo Sotelo, e consistirán en pavimentar, sanear e canalizar a rúa para a posteriormente instalar unha serie de equipamentos básicos.

Primeiro, realizarase a labor de pavimentación mediante a colocación dun firme de lastros de granito. Seguidamente, acometeranse os labores de saneamento e canalización facendo unha separación de augas mediante a instalación de tubaxes. Finalmente, instalaranse os servizos básicos como a iluminación pública, o gas e as redes de comunicacións.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas financiará a totalidade das obras e fará as inspeccións precisas tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Pola súa banda, o Concello de Melón redactará o proxecto técnico das obras e porá ao dispor da Consellería as licenzas e os permisos necesarios para executar os traballos recollidos neste proxecto. Así mesmo, o Concello contratará a empresa adxudicataria e dirixirá o desenvolvemento das obras. Ademais, deberá entregar antes do 30 de novembro do 2010 e do vindeiro ano os certificados precisos que acrediten o gasto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

efectuado. Estes traballos estarán supervisados por unha Comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes asinantes.

Plan *HURBE*

Coma moitos outros asentamentos do rural galego, o Concello de Melón precisa dunha especial atención en canto á necesidade de facilitar unhas condicións axeitadas de habitabilidade que, sen descoidar os elementos históricos e tradicionais da vila, incorporen dotacións técnicas e infraestruturas acordes cos tempos en que vivimos. Deste xeito, conséguese unha potenciación do modelo de asentamento que caracteriza a nosa comunidade e que é necesario conservar. Os máis de 1.400 habitantes do Concello de Melón serán os beneficiarios da mellora.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou o pasado 15 de abril ao Consello da Xunta da posta en marcha do programa de humanización, urbanización e equipamento de espazos públicos nos concellos galegos. O Plan *HURBE* 2010-2013 nace como resposta á necesidade de mellorar a habitabilidade das vilas de Galicia, que busca o achegamento dos entramados urbanos aos seus habitantes mediante a adecuación e creación de espazos públicos para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

Así mesmo, preténdese fomentar a recuperación e rehabilitación dos núcleos rurais tradicionais por constituír un interese público co fin de revitalizar os asentamentos de poboación evitar o despoboamento no medio rural. En definitiva, Medio Ambiente ten como obxectivo a posta en valor dun patrimonio de grande importancia para Galicia.

O Plan *HURBE* estará dotado con máis de 96 millóns de euros (96.206.980) e un horizonte temporal de execución ata o ano 2013, aínda que se recollen anualidades no 2014 para o pagamento das obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE HUMANIZARÁ ESPAZOS PÚBLICOS NOS NÚCLEOS DE ANDRADE E ALEMPARTE, NO CONCELLO DE SAN AMARO, POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 150.000 EUROS**

- *A administración autonómica e local asinarán un convenio de colaboración para levar a cabo esta actuación que mellorará e conservará os espazos públicos neste concello ourensán*
- *Con este tipo de actuacións tamén se apoia o desenvolvemento económico e a cohesión social deste municipio*
- *Estas actuacións forman parte do Plan HURBE, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos*
- *Os obxectivos deste plan son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión desta maná a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de San Amaro para a o acondicionamento de espazos públicos nos núcleos de Andrade e Alemparte, ambos situados neste municipio ourensán.

A Xunta de Galicia realiza unha achega económica de máis de 151.000 euros para este proxecto cuxa clave consiste na rehabilitación e adecuación dos espazos públicos para uso e aproveitamento dos seus habitantes, o que contribuirá a mellorar a súa calidade de vida.

As accións máis destacadas a levar a cabo consisten na pavimentación das áreas e prazas, que se resolverá coa instalación de material asfáltico. Non obstante, naquelas zonas onde se instalen pérgolas estenderase un pavimento ecolóxico (tipo celosía eresma, mediante pezas prefabricadas de formigón con ocos no seu interior) que permitirá efectuar a sementeira de céspede.

A actuación de urbanización complétase coa instalación de equipamento mobiliario empregaranse bancos de madeira vernizada, mentres que a estrutura e as patas serán de fundición. Así mesmo, colocaranse pérgolas realizadas en madeira con tratamento superficial para exterior e mobiliario específico para parques infantís.

Esta actuación supón unha mellora e a conservación dos espazos públicos, sen componentes de edificabilidade, polo que a súa execución se adapta ás determinacións da normativa urbanística aplicable.

Estas zonas presentan na actualidade un estado de conservación deteriorado polo uso e o paso do tempo, polo que se fai necesaria a súa renovación, tanto polo seu aspecto como para o seu uso e disfrute. A urbanización actual só prevé a posibilidade do acceso rodado, dando preferencia ao vehículo sobre o peón, sen ter en conta que estes espazos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

son fundamentalmente zonas de relación e de uso e lecer para a poboación, entendido como un ámbito para as relacións sociais, o espallamento e o benestar dos residentes.

Con estes traballos lógrase a humanización destes espazos co que tamén se logra mellorar os aspectos visuais do contorno. Concretamente, as execucións do acondicionamento dos espazos públicos no núcleo de Andrade, comprende un ámbito conformado por dúas prazas, no Barrio de Arriba e no Barrio de Abaixo, ademais dun camino no contorno do núcleo.

Cómpre sinalar que nestas actuacións se proxecta intervir para dotar a zona de espazos adaptados, sen perder a súa condición de entorno rural. Calquera outra instalación existente na zona respectarase sen provocar ningún dano.

Obxectivos

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante este tipo de obras, tenta converter o territorio nun factor protagonista da competitividade e da igualdade, participando así como axente activo do desenvolvemento económico e de cohesión social.

O citado acordo constitúe un incentivo para que os residentes impulsen os labores de rehabilitación das edificacións e consecuentemente contribúan á creación de espazos atractivos para a posta en marcha das actividades cotiás mellorando a calidade de vida dos cidadáns. O acondicionamento beneficia máis de 1.300 habitantes do Concello ourensán de San Amaro.

Plan *HURBE*

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, actuación que busca un programa de calidade de vida das zonas urbanas, e dos concellos máis pequenos de Galicia, sen abandonar as zonas urbanas pero focalizando múltiples actuacións nos concellos pequenos.

O Plan *HURBE* significa saber onde se quere ir en época de crise, ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adementamento dos espazos públicos para buscar un país que, de cara a fóra compita e, de cara a dentro, coopere.

Os obxectivos deste Plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVESTIRÁ MÁIS DE 750.000 EUROS NA SELAXE DO VERTEDOIRO DA GUDINA, EN OURENSE

- *Estes traballos prolongaranse por un período de catro meses*
- *Esta actuación encádrase dentro do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos aprobado polo Consello da Xunta no ano 1998*
- *O vertedoiro sitúase entre a parroquia de San Marino e San Pedro, na estrada N- 525 en dirección A Caniza*
- *A poboación beneficiada pola selaxe do vertedoiro ascende a máis de 1.500 persoas*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a execución da selaxe do vertedoiro de residuos urbanos da Gudina, en Ourense. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio, e Infraestruturas investirá máis de 750.000 euros neste proxecto. Así, o departamento que dirixe Hernández reserva dúas partidas orzamentarias para esta actuación ambiental, en 2010 destinará 577.333 euros e no vindeiro ano 178.421 euros.

O obxectivo básico desta actuación é recuperar a calidade paisaxística da zona ocupada polo vertedoiro xa que se encontra afectada polo efecto visual das condicións actuais da vertedura. Actualmente, ten residuos sen cubrir e emite fumes provocados pola combustión intencionada de lixos.

O vertedoiro sitúase entre a parroquia de San Marino e San Pedro, na estrada N-525 en dirección A Caniza no p.q 129,2. As obras de selado do vertedoiro abranguen diferentes etapas, que finalizan coa selaxe definitiva do vertedoiro.

Características do vertedoiro

O vertedoiro ocupa unha superficie de máis de 54.000 metros cadrados. A súa apertura produciuse no ano 1984 e a súa clausura o pasado xullo do 2009. Este vertedoiro xestionaba os residuos orgánicos dos concellos de Riós, A Mezquita, Vilarino de Conso e A Gudina.

O volume de residuos acumulado ascende a 52.528 metros cúbicos. Estes residuos foron depositados e cubertos periodicamente con terra e compactados.

Obras a realizar

O conxunto de obras- que terán unha duración de catro meses- faranse en cinco pasos: acondicionamento previo e selaxe, control e extracción de gases, recollida e control de lixiviados, o control da escorremento superficial, e finalmente a integración paisaxística do vertedoiro e posterior posta a punto para o uso público da parcela.

A primeira operación será acondicionar o vertedoiro agrupando os residuos e obtendo pendentes homoxéneas que faciliten a posterior selaxe. A extensión das capas que permitirán compactar o vertedoiro será o paso seguinte. A primeira cobertura de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

acondicionamento permitirá asentar a base para a posterior extensión das demais coberturas. Seguidamente, revestirase a superficie para a impermeabilización do vertedoiro, logo drenarase a auga e o escurramento da zona para proceder a extensión dun novo revestimento de solo mineral orgánico. A capa que funciona como drenaxe de auga e escurramento é un complemento do revestimento que actúa de impermeabilización, xa que o seu labor será drenar as augas que se infiltren a través do solo superior. Isto permitirá evitar a aparición de carga hidráulica sobre a capa de impermeabilización e, polo tanto, a súa saturación. As últimas capas permitirán dotar de robustez á cuberta e servir de soporte á plantación de vexetación sobre a cuberta.

A segunda operación será a de extraer os gases que poida emitir o vertedoiro. Para isto construírse unha cheminea de evacuación de biogás e evitará unha maior contaminación. Posteriormente, levarase a cabo a recollida e control de lixiviados que farase mediante a construción dunha gabia que os conducirá ata as tubaxes que comunican cos depósitos. Faranse dous depósitos cunha capacidade de 22 metros cúbicos e de 17 metros cúbicos.

O control do escurramento superficial será o paso previo para a integración paisaxística final. A hidrosementeira fixará o solo e conseguirá a total integración do vertedoiro na paisaxe, rexenerando a zona con diversas especies arbustivas. Finalmente, para o acceso á nova zona verde, acondicionarase a pista existente.

A Consellería financiará a totalidade do proxecto e execución das obras. Pola súa parte, o Concello da Gudina pondrá a dispor da Consellería os terreos libres de cargas e gravames, así como as autorizacións formalizadas.

Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos

Actualmente, a Consellería de Medio Ambiente, a través da secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, xa ten pechados 230 vertedoiros.

Un dato significativo é o feito de que na actualidade preto de 200 concellos envían residuos á valorización enerxética na planta de Sogama, e un total de 12 municipios apostaron pola compostaxe. A Comunidade galega sitúase á vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispor dunha sistemática xestión integral, consolidada e suetentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Por último, cómpre sinalar que a progresiva incorporación dos concellos de Galicia a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer as accións pertinentes para unha restauración dos espazos ocupado polos antigos vertedoiros mediante a adecuación destes á normativa vixente ou, se é o caso, a selaxe e clausura definitiva por estar completa a súa capacidade ou por existiren outras alternativas para o tratamento final dos residuos.

ECONOMÍA E INDUSTRIA ANTICIPARÁ O 80% DA SUBVENCIÓN PARA LEVAR A CABO UNHA GRAN EXPOSICIÓN SOBRE ASTANO EN FERROL

- *O Consello da Xunta autoriza a consellería que dirixe Javier Guerra para facer un desembolso económico previo sen necesidade de garantías á Fundación para o Fomento do Conecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas (Exponav) para apoiar o proxecto expositivo*
- *Un convenio entre ambas as partes será o instrumento que permita esta actividade que, baixo o título 'Un milagre na ra', dinamizara a comarca e o sector a través da evolución e a historia deste gran estaleiro*
- *Mediante a habilitación do convenio, Exponav comprométese a ocupar catro módulos do edificio Herrerías, e a proxectar na exposición 'Un milagre na ra' como dunha pequena carpintería de ribeira se pasou a un estaleiro que chegou a ser un referente mundial*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria para establecer un anticipo do 80% dunha subvención de 90.000 euros sen necesidade de presentación de garantías a favor da Fundación para o Fomento do Conecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas (Exponav) coa finalidade de levar a cabo o desenvolvemento do proxecto expositivo denominado 'Un milagre na ra' en Ferrol.

O apoio a este proxecto expositivo, que se articulará mediante a sinatura dun convenio, ten como obxectivo último dinamizar a comarca e o sector contando a evolución e a historia do estaleiro Astano. Dadas as características deste proxecto, é Exponav a única entidade en Galicia que, entre as súas liñas de traballo, ten a de reunir, exponer e conservar o patrimonio técnico, ornamental e documental relativo á construción naval e xa conta con fondos e medios para a realización deste tipo de eventos.

O anticipo do 80% da subvención enmárcase dentro da política de apoio da Consellería de Economía e Industria ás asociacións e aos clústers para evitar que tenan que acceder á obtención de crédito ante as entidades financeiras e facilitar así o desenvolvemento de accións de interese público, social e económico encaminadas a mellorar a competitividade do tecido empresarial galego.

Mediante a habilitación do convenio, Exponav comprométese a ocupar catro módulos do edificio Herrerías e a proxectar na exposición 'Un milagre na ra' como dunha pequena carpintería de ribeira se pasou a un estaleiro que chegou a ser un referente mundial, e que botou ao mar, no seu momento, os buques máis grandes do mundo, ademais de contar a evolución desde o ano 1940 ata hoxe de Astano, facendo un percorrido pola súa tecnoloxía, os seus medios e os seus barcos.

Ademais de paneis móbiles, a exposición contará con proxectores e ordenadores, contidos audiovisuais sobre a evolución histórica do estaleiro cun módulo interactivo multimedia, enormes maquetas, un diorama do estaleiro primixenio e a elaboración,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

impresión e montaxe de discursos museográficos, carteleira e informática para recrear a enorme importancia que o estaleiro Astano tina en Espana e no mundo

ECONOMÍA E INDUSTRIA IMPULSA A MELLORA COMPETITIVA DO PEQUENO COMERCIO NAS VILAS GALEGAS CUN INVESTIMENTO DE CASE 700.000 EUROS

- *O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio para impulsar a mellora da competitividade do pequeno comercio mediante a posta en marcha de diversas accións, financiadas nun 80% pola Xunta*
- *O acordo tamén facilitará a posta en marcha dunha campaña orientada a fomentar o consumo no pequeno comercio, que levará por nome: "O Comercio de Ti a Ti"*

O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega do Comercio para impulsar a mellora da competitividade do pequeno comercio mediante a posta en marcha de diversas accións que contarán cun investimento próximo as 700.000 euros.

A Consellería de Economía e Industria impulsa deste xeito a mellora da competitividade do comercio polo miúdo, coa posta en valor dos recursos para favorecer o desenvolvemento comercial e a implementación de accións de información e promoción, en que se amosan as vantaxes competitivas do pequeno comercio de proximidade.

O acordo tamén facilitará a posta en marcha dunha campaña orientada a fomentar o consumo no pequeno comercio que levará por nome: "O Comercio de Ti a Ti". Esta iniciativa levarase a cabo con accións informativas e promocionais nas zonas comerciais e nos comercios de diferentes vilas galegas, ademais de incluír información promocional sobre a calidade do comercio retalista en medios de comunicación autonómicos e locais.

Este convenio de colaboración inscríbese dentro da estratexia da Consellería de Economía e Industria en materia de comercio, na cal se está a prestar unha especial atención ao desenvolvemento do comercio polo miúdo, coa posta en marcha de iniciativas orientadas á adecuación e mellora dos equipamentos comerciais de uso colectivo, fundamentalmente en mercados retalistas e rúas peonís comerciais; actuacións nos eixes comerciais como puntos neurálxicos do tráfico mercantil; así como diversas accións dinamizadoras do pequeno comercio en centros urbanos, a través das asociacións sectoriais, e iniciativas de promoción e fomento destas mesmas estratexias no sector da distribución comercial, coa finalidade de dinamizar as estruturas comerciais, modernizalas e mellorar a súa xestión.

EDUCACIÓN ASINARÁ CONVENIOS COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUNA PARA O FUNCIONAMENTO DE CENTROS EDUCATIVOS

- *Os centros beneficiados son o Calvo Sotelo, que imparte formación profesional, e o IES Rafael Puga Ramón*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruna asinarán dous convenios, un para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo e outro para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón.

En total serán algo máis de 433.000 euros destinados ao funcionamento de ambos os dous centros, durante o curso escolar 2010-2011, no caso do centro de formación profesional Calvo Sotelo; e do período xaneiro-agosto de 2010 no IES Rafael Puga Ramón.

Con esta iniciativa, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dá continuidade ao seu compromiso de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados nestes centros, tal e como vén facendo desde hai anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA APOIA CON 10,9 MILLÓNS DE EUROS A CREACIÓN E O MANTEMENTO DO EMPREGO DAS 1.600 PERSOAS CON DISCAPACIDADE DOS 105 CENTROS ESPECIAIS DE GALICIA**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde da Consellería de Traballo e Benestar que regula os programas para a promoción da integración laboral deste colectivo nos centros especiais de emprego de Galicia*
- *As entidades beneficiarias poden solicitar o pagamento anticipado do 80 por cento do total da subvención concedida*
- *A axuda máxima para os proxectos xeradores de emprego de carácter estable para persoas con discapacidade é de 12.000 euros para cada posto de traballo creado con carácter indefinido*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un orzamento de 10,9 millóns de euros para apoiar a creación e o mantemento do emprego das 1.600 persoas con discapacidade que na actualidade forman parte dos 105 centros especiais de emprego que existen en Galicia. En concreto, o Goberno galego autorizou a orde da Consellería de Traballo e Benestar que establece as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral deste colectivo nestas instalacións. As entidades beneficiarias destas axudas poderán solicitar o pagamento anticipado do 80 por cento do total da subvención concedida.

A contía total do orzamento repártese en dous programas diferentes. Por unha banda, a Xunta subvencionará os plans de integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, que inclúe axudas para apoiar os proxectos xeradores de emprego de carácter estable para persoas con discapacidade. A subvención máxima é de 12.000 euros para cada posto de traballo creado con carácter indefinido para persoas traballadoras con discapacidade.

Ademais, este programa conta con subvencións para a adaptación dos seus postos de traballo, para o saneamento financeiro dos centros e o seu equilibrio orzamentario, así como subvenciona os custos salariais polos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade. En concreto, esta axuda é do 75% do salario mínimo interprofesional correspondente a 12 mensualidades e dúas pagas extraordinarias.

A este respecto, e como consecuencia da incidencia da crise económica no emprego, o Goberno galego decidiu incluír na orde un incremento transitorio da contía da subvención do custo salarial para o mantemento de emprego. Así, con anterioridade, a axuda era do 50 por cento do salario mínimo interprofesional e desde o pasado 10 de xullo é do 75 por cento.

O segundo dos programas que regula esta normativa é o referido ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego. O obxecto do plan é financiar os custos salariais e de Seguridade

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Social por contra da empresa derivados da contratación indefinida do persoal traballador nas unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.

Como novidade, a Comunidade Autónoma de Galicia agrupa por primeira vez nunha soa orde os programas que tenen por obxecto establecer incentivos para a creación de emprego das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.

A Consellería de Traballo e Benestar complementará esta orde coas axudas referentes aos programas de incentivos para o fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria e ao programa de emprego con apoio como medida de fomento do emprego das persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**MAR COLABORARÁ CO CONCELLO DE OUTES NA CONSTRUCIÓN DUN CENTRO NÁUTICO DEPORTIVO E DUNHA BASE TÉCNICA PARA PORTOS**

- *O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio entre ambas as administracións para construír un centro náutico deportivo, unha escola de vela e unha base técnico operativa de Portos de Galicia no Porto do Freixo*
- *O espazo destinado á base de Portos albergará un almacén de material de sinalización portuaria que beneficiará os portos da marxe dereita da R´a de Muros e a maior parte das instalacións da Costa da Morte*

O ente da Consellería do Mar, Portos de Galicia colaborará co Concello de Outes na construción dun centro náutico deportivo, da escola de vela e da base técnico operativa de Portos de Galicia no Porto do Freixo. Farao a través dun convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta. Esta é unha mostra de reforzo da sinalización marítima e da formación náutico-deportiva da Consellería do Mar.

O acordo fomentará a vinculación da actividade portuaria coa náutico-recreativa, mellorará a sinalización e seguridade nos portos e favorecerá a difusión das actividades náutico deportivas e da ensinanza de vela en Galicia.

A base técnico-operativa de Portos no peirao contará cun almacén para depositar material de sinalización marítima como lanternas, cargadores, baterías ou outros útiles como bitas de amarre e contedores, entre outros. Deste xeito a Consellería do Mar pretende realizar un reparto máis equitativo dos 260 sinais portuarios e do material que dispón o ente, entre este futuro depósito e o que xa posúe no porto da Pobra do Caraminal.

Así, conseguiráse unha atención máis rápida e eficaz ás necesidades de conservación portuaria e de mantemento da rede de sinalización marítima. Esta axilización beneficiará sobre todo os portos da marxe dereita da R´a de Muros e a maior parte das instalacións da Costa da Morte.

O importe destinado ás obras do centro náutico deportivo, da escola de vela e da base técnico operativa de Portos é de 860.106,12 euros, ao que Portos de Galicia contribuirá coa cantidade de 300.000 euros.

Con esta actuación o ente dá exemplo do cumprimento das súas obrigas no referente á construción, mellora e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias e potencia o mantemento e conservación do sistema de sinalización marítima dos portos que son competencia da comunidade autónoma. Este tamén é un xeito de fomentar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**PORTOS DE GALICIA COLABORARÁ CO CONCELLO DE PONTEDEUME NA URBANIZACIÓN DUNHA PARTE DA ZONA PORTUARIA**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as administracións que ten como obxectivo a mellora e o acondicionamento dunha parte da zona portuaria de Pontedeume*
- *Trátase dunha obra complementaria aos traballos de ordenación da fachada marítima que está a executar a Consellería do Mar, co fin de mellorar os accesos para os usuarios e a operatividade e seguridade do porto*

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, colaborará co Concello de Pontedeume na execución dunha parte das obras de ordenación da fachada marítima, concretamente no acondicionamento e mellora dunha rúa de acceso á zona portuaria. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as administracións que ten como finalidade a urbanización dunha parte da zona portuaria de Pontedeume, de xeito que ademais de dotar o porto duns acabamentos acordes cos dun contorno urbano como no que se atopa, se melloren os accesos e servizos.

Esta obra vén complementar os traballos de ordenación da fachada marítima de Pontedeume que se adxudicaron no ano 2007 e se atopan actualmente en execución. Polo tanto, as obras, á parte da mellora dos accesos e da adecuación do tránsito e acceso público á zona portuaria, suponen tamén un efecto positivo para o contorno urbano inmediato ao porto, revertendo positivamente tanto no ente público, como no Concello de Pontedeume.

O importe deste convenio é de 390.000 euros que se venen engadir aos 2.942.000 euros do custo do proxecto total de urbanización e remodelación da zona portuaria de Pontedeume. Con esta actuación Portos de Galicia quere mesturar os portos coas vilas que os acollen mellorando e integrando as instalacións portuarias e os seus servizos, mellorando as fachadas marítimas e creando zonas de traballo e espaxamento, conseguindo así unha maior calidade de vida para os cidadáns.

O TEMPO MEDIO DE ESPERA PARA PACIENTES CON PATOLOXÍAS DE PRIORIDADE 1 SITÚASE EN 21,3 DÍAS, SEIS XORNADAS MENOS QUE AO FINALIZAR 2009

- *Segundo se recolle no Informe dos resultados de xestión do Servizo Galego de Saúde a 31 de marzo de 2010: actividade e demora*

A Consellería de Sanidade estableceu desde o comezo da lexislatura o compromiso de centrar a atención no paciente garantindo a asistencia ás patoloxías preferentes (prioridade 1) en menos de 30 días.

Este obxectivo, a 31 de marzo de 2010, está plenamente acadado segundo se recolle no Informe dos resultados de xestión do Servizo Galego de Saúde referido a esa data, que foi abordado no Consello da Xunta.

Segundo o dito informe, o tempo medio de espera para estes pacientes foi de 21,3 días, seis xornadas menos que ao finalizar o 2009, cando a espera media destes doentes era de 28 días.

A Consellería de Sanidade reorientou e centrou a xestión nos pacientes das listas de espera monitorizando os enfermos de maior gravidade (prioridade 1) para garantir a súa atención en menos de 30 días. O tempo de espera media para patoloxías de prioridade 2 é na actualidade de 68,9 días; e en pacientes con patoloxía de prioridade 3 é de 82,1 días.

A media global de espera cirúrxica en Galicia, a 31 de marzo de 2010, é de 77,2 días, é dicir, 2,7 días menos que a finais de 2009, cando era de 79,9 días. Cómpre destacar que, por primeira vez desde o ano 2007, o dato de espera cirúrxica do primeiro trimestre reflicte unha baixada na comparación cos datos do último trimestre do ano anterior.

Incremento das intervencións cirúrxicas

Durante o primeiro trimestre de 2010 realizáronse nos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde un total de 25.009 intervencións cirúrxicas en xornada ordinaria, o que supón un incremento do 11% con respecto ao mesmo período do ano 2009, e un incremento do 22% con respecto ao mesmo período do ano 2008.

A eficiencia da xestión e utilización dos recursos cirúrxicos tamén se reflicte no aumento das horas de quirófano dedicadas a intervencións programadas. Así, nos tres primeiros meses de 2010 ascende a 38.321 horas. Unha cifra moi superior ás horas de quirófano dedicadas no primeiro trimestre de 2009, que foron 34.958, e tamén ás 31.250 do ano 2008.

O rendemento cirúrxico aumentou no que levamos de 2010 situándose nun 71,57%. Observando a evolución con respecto do mesmo período en anos anteriores, advértese

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

un incremento ao pasar de arredor do 65% nos anos 2006, 2007 e 2008, ata un 67,71% no ano 2009.

Consultas e probas diagnósticas

As consultas realizadas durante o primeiro trimestre de 2010 ascenden a un total de 920.131, das cales 286.473 son primeiras consultas e 633.658 son consultas sucesivas.

No que se refire ás probas diagnósticas, foron realizadas en total nestes primeiros meses 650.925, das cales sendo probas vinculadas a primeiras consultas 201.261 e as 449.664 vinculadas a revisións.

O tempo medio de espera para as consultas sitúase en 64,64 días, é dicir, 4,26 días menos do referido en decembro de 2009. As especialidades que máis diminuíron a espera ao comparar os datos de 31 de decembro de 2009 cos de 31 de marzo de 2010 foron as de anestesioloxía e reanimación (con 27 días menos de espera media), nefroloxía (na que se reflicte un descenso de 19,1), neurocirurxía (con 15,4 días menos de espera media), e endocrinoloxía (onde se baixou en dez días a espera media).

Tamén o sistema sanitario galego continúa coa mellora da súa actividade ordinaria priorizando a atención aos pacientes máis graves. Así, a espera media para especialidades como cirurxía cardíaca é de 15,7 días, ou oncoloxía médica, onde a espera media para unha consulta é de 9,2 días.

Incrementar o rendemento cirúrxico

O departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía seguirá, durante os próximos trimestres de 2010, a incrementar o rendemento cirúrxico e a actividade ordinaria, desenvolvendo a actividade extraordinaria segundo as necesidades.

Un obxectivo estratéxico é centrar a atención no paciente, para o que se está a actuar en varias liñas como a mellora do sistema de rexistro de pacientes en consultas e probas diagnósticas; a implantación de vías rápidas e consultas de alta resolución; e o desenvolvemento de guías e vías clínicas, así como de procesos asistenciais integrados.

Asemade, desde a Administración sanitaria se están a restablecer os criterios de indicación de prioridade 1 e 2 cos profesionais sanitarios e sociedades científicas, coa finalidade de consolidar os resultados en prioridade 1 (espera menos de 30 días) e mellorar os de prioridade 2 (esperas iguais ou menor de 60 días).

A Consellería de Sanidade está a traballar para desenvolver o compromiso adquirido para acadar estes obxectivos co esforzo conxunto de todas e todos os profesionais e cunha xestión adecuada. Neste senso, e partindo da consideración de que queda marxe de mellora, estase a traballar para acadar obxectivos ambiciosos, pero realistas, con

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

indicadores claros, obxectivos e contrastados, para o que conta coa colaboración de todo o cadro de persoal do sistema público de saúde de Galicia.

O GOBERNO GALEGO INVISTE 18 MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR O AUTOEMPREGO DE MÁIS DE 3.000 GALEGOS E GALEGAS

- *O Consello da Xunta coneceu hoxe a orde da Consellería de Traballo e Benestar destinada a promover o emprego autónomo*
- *Esta iniciativa do Goberno galego subvencionará os desempregados que se constituíron como traballadores autónomos a partir do 16 de setembro de 2009*
- *O prazo para solicitar estas axudas rematará o 30 de xuno*
- *Por primeira vez, incentívase a primeira contratación indefinida que realicen os autónomos no seu primeiro ano de actividade*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá 18 millóns de euros en axudas para fomentar o autoemprego, o que beneficiará a máis de 3.000 desempregados galegos e galegas. De feito, o Consello da Xunta coneceu hoxe mesmo a orde que establece as bases reguladoras deste programa de promoción do emprego autónomo.

Este proxecto ten por finalidade fomentar o emprego autónomo entre os galegos e galegas, por canto se considera unha vía eficaz para facilitar a incorporación ou reincorporación das persoas desempregadas ao mercado de traballo, ao tempo que se fomenta a creación de microempresas, que son as xeradoras de emprego, riqueza e benestar en Galicia.

Esta orde, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, contén diversos tipos de axudas, entre as cales se inclúen, por primeira vez, incentivos para a primeira contratación indefinida que realicen os autónomos no seu primeiro ano de actividade.

Ademais, este programa concede axudas a fondo perdido aos desempregados polo feito de constituírense en traballadores autónomos. Esta axuda pode acadar os 10.000 euros. Tamén se prevé unha axuda financeira para a redución dos xuros do préstamo, que sexa necesario solicitar para afrontar os investimentos en inmovilizado material.

Ademais, a orde conta cunha liña de financiamento parcial dos custos da formación do autónomo en xestión empresarial e nas novas tecnoloxías da información e comunicación, así como dos estudos que sexan necesarios para consolidar a viabilidade destes proxectos empresariais.

Este programa mellorase respecto ao estatal con dúas axudas máis, a subvención para financiar parcialmente os gastos da posta en marcha da nova actividade e os incentivos á primeira contratación indefinida que se formalice no primeiro ano de actividade.

Hai que salientar que este programa presta especiais apoios a aquelas persoas que pertencen aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral: persoas con discapacidade, persoas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, persoas que esgotasen a prestación por desemprego, parados de longa duración, emigrantes

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

retornados, mulleres e mozos. Algún destes traballadores pode alcanzar unha axuda máxima de 33.600 euros. Ademais, por primeira vez se ten en conta, para o calculo da cont'a das axudas, o feito de establecerse como autónomo no rural galego.

Este programa inscríbese no resto de iniciativas que a Conseller'a de Traballo e Benestar está a poner en marcha para favorecer a situación dos autónomos galegos e dos emprendedores. Así, a través de distintos programas, o departamento autonómico destinará a este colectivo máis de 28 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**TRABALLO APOIA CON 4,2 MILLÓNS DE EUROS A INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NAS EMPRESAS GALEGAS**

- *O Consello da Xunta informou hoxe favorablemente desta orde que establece as bases reguladoras das axudas ás empresas galegas que incorporen aos seus cadros de persoal a persoas con discapacidade*
- *Ademais da promoción da integración laboral, a orde inclúe tamén un programa de emprego con apoio que inclúe asesoramento no propio posto de traballo*

O Consello da Xunta informou hoxe favorablemente da orde, promovida pola Consellería de Traballo e Benestar, que ten como obxectivo fomentar a integración laboral das persoas con discapacidade nas empresas galegas. Esta iniciativa conta cun investimento de 4,2 millóns de euros.

Este proxecto, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, inclúe dous programas: o fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e o programa de emprego con apoio.

O primeiro deles ten como finalidade incentivar a contratación das persoas deste colectivo, a través de subvencións á contratación indefinida e á temporal, para a adaptación dos postos de traballo e tamén para a contratación das persoas con discapacidade que proceden dun proxecto de emprego con apoio.

Como novidade, este ano incrementáanse as axudas pola contratación indefinida previstas na normativa estatal, coa finalidade de favorecer especialmente as mulleres con discapacidade, as persoas con discapacidade severa e para fomentar tamén a contratación destas persoas polas pequenas empresas e nos centros de traballo do rural.

Ademais, por primeira vez, establécese a subvención pola contratación temporal, sempre que a duración do contrato sexa polo menos de doce meses e, igual que na contratación indefinida, auméntase tamén a contía das axudas para a contratación de mulleres con discapacidade, das persoas con discapacidade severa, e nas pequenas empresas e centros de traballo de rural. Ao tempo, regúlase tamén as axudas á contratación das persoas con discapacidade que proceden dun proxecto de emprego con apoio.

Por outra banda, o programa de emprego con apoio está destinado a apoiar a incorporación á empresa ordinaria ás persoas con discapacidade con especiais dificultades para a inserción laboral. O proxecto inclúe un conxunto de actividades de orientación e acompañamento individualizado que prestan, no propio posto de traballo, preparadores laborais especializados. Trátase de actividades que se desenvolven na propia empresa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Deste xeito, subvenciónase as entidades promotoras deste proxectos de emprego con apoio os custos laborais e de seguridade social derivados da contratación dos preparadores laborais, ademais de apoiar a posta en marcha de novos proxectos neste eido a través de axudas para financiar os plans de prospección laboral e para o proceso de formación previo á contratación.

De feito, ás axudas aos estudos de prospección e á formación previa constitúen unha mellora respecto á establecida na normativa estatal. O Goberno galego tamén subvencionará os custos dos desprazamentos dos preparadores laborais cando tenan que prestar apoio en centros de traballo de distintos concellos

Esta orde inscríbese na aposta da Xunta por un mercado laboral accesible, inclusivo e de calidade, a través da posta en marcha de accións específicas dirixidas a este colectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**UNHA LINA DE AXUDAS DE TRABALLO IMPULSARÁ O ESPÍRITO EMPREENDEDOR ENTRE OS INVESTIGADORES E TITULADOS UNIVERSITARIOS**

- *O Consello da Xunta informou hoxe favorablemente da orde que conta cun orzamento de dous millóns de euros*
- *A iniciativa do Goberno galego subvencionará as iniciativas de base tecnolóxica creadas a partir do 16 de setembro de 2009*
- *A acción da Xunta inclúe axudas para a creación directa de emprego e para o inicio e posta en marcha da actividade, entre outras medidas*

O Goberno galego destinará dous millóns de euros, a través dunha orde da Consellería de Traballo e Benestar, para impulsar o espírito emprendedor, principalmente entre os investigadores e titulados universitarios co propósito de transformar os resultados dos seus traballos de investigación en proxectos empresariais.

O Consello da Xunta emitiu hoxe informe favorable á orde que subvencionará as novas iniciativas de base tecnolóxica (IEBT's) creadas desde o 16 de setembro de 2009 e ata o 30 de xuno de 2010.

A finalidade principal desta iniciativa da Xunta é fomentar a cultura emprendedora nos campos da investigación científica e da innovación tecnolóxica que fundamentalmente se levan a cabo nas tres universidades galegas, así como en outros organismos vinculados ao sistema da innovación. En definitiva, trátase de fomentar a cultura do traballo por conta propia e da iniciativa individual no ámbito universitario e investigador.

A liña de financiamento inclúe axudas á creación directa de emprego, é dicir, subvenciona os postos de traballo de carácter estable ou indefinido creados durante o primeiro ano de actividade. Así mesmo, inclúe subvencións por asistencia técnica que permite contratar expertos técnicos de alta cualificación.

Ademais, o apoio á función xerencial para o acompañamento na instalación da empresa e coa finalidade de favorecer a permanencia dos novos empregos creados é outra das accións que apoia a orde de Traballo e Benestar. Este apoio poderá revestir as modalidades de axuda por titoría, formación e realización externa de estudos e informes.

Por último, a orde inclúe unha axuda financeira para a redución dos xuros do préstamo que sexa necesario solicitar para os investimentos en inmovilizado material e unha subvención para financiar os gastos que implica a posta en marcha da nova actividade empresarial. O importe máximo das axudas estará en función dos postos de traballo estables que se crean durante o primeiro ano de actividade.

Ademais dos incentivos económicos que facilitarán a consolidación destas novas IEBT, este programa complementase coa configuración dunha rede específica formada por profesionais especializados no estudo e asesoramento destes proxectos, que tenen por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

función facilitar a cualificación deles ou a súa reorientación cando proceda, asegurando as mellores perspectivas de consolidación e permanencia.

O Goberno galego este ano, como novidade, reestruturou as contías dos incentivos establecidos na orde co fin de lograr unha maior cohesión co resto dos programas postos en marcha no ámbito das políticas activas de emprego.

De feito, a iniciativa, que hoxe recibiu o informe favorable do Consello da Xunta, vincúlase a este tipo de políticas, xa que o fomento do espírito da empresa é unha das actuacións prioritarias no desenvolvemento das políticas activas de emprego.